



DECRETO

Asunto: alta na Seguridade Social e formalización de contratos de 2 peóns de obras (PEL CONCELLOS 2026)

Expediente: 2026/E001/000002 (programa subvencionado pola Deputación da Coruña).

Antecedentes:

Visto que por decreto nº 285/2026 do 05/06/2026, aprobáronse as bases de selección, na modalidade de contratación laboral temporal de mellora da ocupabilidade e inserción laboral/ contrato vinculado a programas de activación para o emprego, de 2 postos de peóns de obras do concello de Cabana de Bergantiños a xornada completa.

Visto que o día 11/06/2026 foi publicada a convocatoria no BOP da Coruña co nº 109 e na sede electrónica do concello, na que se concedían 4 días hábiles para a presentación de instancias.

Visto o decreto nº 325/2026 con data do 03/07/2026 de aprobación da listaxe definitiva de admitidos e excluídos, así como a data e o lugar da realización das probas e composición de tribunal de selección, e vista a única acta do tribunal de selección, asinada por todos os membros do tribunal asistentes, do día 7 de xullo de 2026, que inclúe a valoración total dos aspirantes e a proposta de nomeamento dos postos convocados

Visto o decreto nº 330/2026 con data do 08/07/2026 de nomeamento dos aspirantes e visto que os aspirantes seleccionados presentaron a documentación requirida nas bases de selección en tempo e forma.

Visto o informe de fiscalización con data do 13/07/2026.

En virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: dar de alta na Seguridade Social e formalizar o contrato laboral temporal na modalidade de contratación laboral temporal de mellora da ocupabilidade e a inserción laboral/ contrato vinculado a programas de activación para o emprego, de 2 postos de peóns de obras a xornada completa, co código de contrato 405, de luns a venres en xornada partida (mañá: 08.30h a 13.00h e tarde: 14.30h a 18.00h) cunha duración de 4 meses (data de inicio: 14/07/2026 e data de fin: 13/11/2026) e coas retribucións mensuais de 1.424,50 euros (PE incluída) aos seguintes aspirantes nomeados:

APELIDOS E NOME	DNI
PEREZ BLANCO, JOSE	***0903**
AMADO FARIÑA, SANTIAGO	***6816**

SEGUNDO: publicar no taboleiro de anuncios electrónico do Concello este decreto.

TERCEIRO: trasladar ao departamento de Intervención e Tesourería esta resolución.

CUARTO: dar conta o pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

En Cabana de Bergantiños, documento asinado dixitalmente segundo se indica na banda lateral.

Dou fe,

O ALCALDE

José Muíño Domínguez

A SECRETARIA

Ana María Reyes Cambre